

Probas de acceso a ciclos formativos de grao medio Curso 2021

Quen se pode presentar ás probas?

Quen **non cumpra os requisitos académicos** de acceso a ciclos formativos de grao medio e teña dezasete anos cumpridos ou os cumpra no ano natural de celebración da proba.

Os requisitos de acceso a ciclos formativos de grao medio son, entre outros:

- Título da ESO ou equivalentes.
- Título profesional básico.

Inscrición na proba

As solicitudes deberán realizarse telematicamente desde a opción “Ligazón a aplicación informática *“Ciclosprobas”*” dispoñible na páxina www.edu.xunta.gal/fp/probas no menú “Acceso a grao superior”, en “Convocatoria 2021”.

A aplicación informática xera unha instancia para imprimir que se deberá presentar nun centro de inscrición, xunto coa documentación que se indique na instancia. En tanto que non se efectúe este trámite, non quedará feita a matrícula.

Estrutura e organización da proba:

É común para tódolos ciclos formativos de grao medio. O seu contido atenderá a aspectos básicos de determinadas materias da ESO.

Estructúrase en tres partes:

PARTE SOCIOLINGÜÍSTICA: Organizarase en tres probas:

- Lingua castelá.
- Lingua galega.
- Ciencias sociais.

PARTE MATEMÁTICA: Organízase nunha única proba:

- Matemáticas.

PARTE CIENTÍFICO-TÉCNICA: Organízase en dúas probas:

- Ciencias da natureza.
- Tecnoloxía.

Celebración da proba:

Data e hora

A proba realizarase o 27 de maio de 2021, no seguinte horario:

- Ás 9.00 horas: presentación.
- Das 9.30 ás 13.00 horas: parte matemática e parte sociolingüística.
- Das 16.00 ás 18.00 horas: parte científico-técnica.

Lugar

O día 30 de abril farase público o lugar ou os lugares onde se realizarán as probas. Esta listaxe publicaráse nos centros de inscrición e na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/fp>.

A sede de realización da proba determínase en función do centro de inscrición empregado e, en principio, tratarase dalgún centro público próximo a este. Daquela, recoméndase usar como centro de inscrición un próximo ao domicilio habitual.

Documentación que cómpre levar e material para utilizar

O día da proba cómpre levar o documento oficial de identidade e copia da folla da solicitude de inscrición.

Poderanse utilizar os seguintes materiais:

- Bolígrafos de tinta negra ou azul (ningunha outra cor).
- Calculadora científica, agás que sexa programable, gráfica ou con capacidade para almacenar e transmitir datos. Soamente se pode empregar na proba de Tecnoloxía da parte científico-técnica. Na proba de Matemáticas non se permite o emprego da calculadora.

Non se admitirá ningún aparello capaz de recibir, transmitir nin almacenar información, como, por exemplo, teléfonos móbiles.

Cualificacións

A cualificación de cada parte da proba será numérica, entre cero e dez puntos e será o resultado de obter a media aritmética das cualificacións dos exames que integran esa parte.

A nota final da proba calcularase sempre que se obteña polo menos unha puntuación de catro puntos en cada parte, e será a media aritmética destas, expresada con dous decimais.

Para a superación da proba será necesario obter unha cualificación de cinco ou superior. En caso contrario a nota final será non apto.

Publicación das listaxes provisionais e definitivas.


As listas provisionais e definitivas relacionadas co procedemento publicaranse no taboleiro de anuncios do centro público onde se fixera a inscrición e na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/fp>. Os datos de identificación (nome, apelidos e DOI) serán substituídos por un Código persoal de consulta (CPC).

Código persoal de consulta (cpc)

No proceso de probas en todas as listaxes que sexa necesario publicar que conteñan datos persoais, será substituído o número do documento oficial de identidade e o nome e apelidos por un código persoal de consulta (CPC)

O CPC é un código alfanumérico único para cada persoa que participa no proceso. Para consultar a situación persoal poderase obter o CPC da aplicación informática “Ciclosprobas”.

Primeiro hai que escoller a opción “Ver código persoal de consulta”:



Na pantalla que aparece a continuación haberá que escribir o número do documento oficial de identificación (DNI, NIE ou pasaporte, sempre coas letras en maiúscula) empregado no proceso de inscrición nas probas e o código de solicitude (código alfanumérico que aparece na marxe dereita do encabezado do impreso de solicitude, debaixo do código de barras) e premer en “Buscar”:

Certificado de realización da proba

Quen realice a proba recibirá unha certificación coa nota final e a cualificación obtida en cada unha das partes.

A superación da proba será válida como requisito de acceso a todos os ciclos formativos.

No caso de non superar a totalidade da proba, a cualificación nas partes superadas cunha puntuación igual ou superior a cinco manterase en futuras convocatorias de probas de acceso a ciclos formativos de grao superior en Galicia durante os dous anos seguintes.

Lugar de solicitude

Os certificados de probas de acceso, tanto da convocatoria deste ano como de convocatorias anteriores (desde o ano 2004), poderán solicitarse en calquera centro público con oferta de formación Profesional.

Conservación da cualificación obtida nas partes superadas

Para quen realizara a proba na comunidade autónoma de Galicia e non a superara na súa totalidade, a certificación permitirá manter a cualificación obtida nas partes superadas cunha puntuación igual ou superior a cinco durante un máximo de dous anos nas probas de acceso a ciclos formativos de grao medio en Galicia.

CALENDARIO DAS PROBAS DE ACCESO A CICLO MEDIO

Convocatoria 2021

Probas de acceso	Datas grao medio
Inscripción para a proba.	15-26 marzo
Publicación das listaxes provisionais: -de inscrición. -de exencións. -de proba adaptada.	9 abril
Reclamación contra as listaxes provisionais.	12-16 abril
Publicación das listaxes definitivas: -de inscrición. -de exencións. -de proba adaptada.	30 abril
Publicación dos centros públicos onde se realizarán as probas cos centros de inscrición que teñen adscritos.	30 abril
Celebración da proba.	27 maio
Publicación da listaxe de cualificacións provisionais.	8 xuño
Reclamación contra a listaxe de cualificacións provisionais.	8-11 xuño
Publicación da listaxe de cualificacións definitivas.	22 xuño
Entrega de certificados nos centros.	A partir do 23 de xuño
Recursos contra as cualificacións definitivas de probas de acceso.	23 xuño - 23 xullo
Resolución administrativa.	24 xuño - 30 setembro

Información da convocatoria 2021

Información xeral:

<http://www.edu.xunta.gal/fp/acceso-grao-medio-convocatoria-actual>

Páxina de inscrición:

<https://www.edu.xunta.gal/ciclosprobas/PaxinaInicio.do>

Nota informativa:

http://www.edu.xunta.es/fp/webfm_send/9042

Exames doutros anos:

<http://www.edu.xunta.es/fp/node/255>